

Martes, 20 de xaneiro de 2026

Núm. 12

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****PONTECESURES****Subvencións e axudas***BASES QUE REXERÁN O FESTIVAL DE ENTROIDO 2026***ANUNCIO: BASES REGULADORAS POLAS QUE SE CONVOCA O FESTIVAL DE ENTROIDO 2024
DO CONCELLO DE PONTECESURES**

Por resolución da Alcaldía de data do 16 de xaneiro de 2026 foron aprobadas as bases do concurso de disfraces de Entroido 2026 de Pontecesures, previsto para o domingo 13 de febreiro. A consulta destas bases na súa totalidade estará a disposición do público no sitio web www.pontecesures.org.

O prazo de inscrición será o determinado nas bases: dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOPPO, ate o 13 de febreiro as 14 h para o caso de grupos e comparsas, e ata o propio día para os participacións individuais e por parellas.

O que se fai público para xeral coñecemento.

**BASES REGULADORAS POLAS QUE SE CONVOCA O CERTAME DE ENTROIDO 2026
DO CONCELLO DE PONTECESURES****1.—OBJECTO DA CONVOCATORIA**

Regulación dos criterios e premios a outorgar con motivo do Certame de Entroido do ano 2026 organizado polo Concello de Pontecesures, que se celebrará o domingo 15 de febreiro de 2026.

2.—INSCRICIÓN

O prazo de inscrición abrírase dende o día seguinte ao da publicación do anuncio das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia ata o venres 13 de febreiro ás 14.00 horas para tódalas categorías.

Para poder participar, as persoas interesadas deberán cumprimentar debidamente a solicitude de inscrición (Anexo), que estará dispoñible na páxina web (www.pontecesures.org) para a súa descarga e nas oficinas de Rexistro do Concello; e deberán presentala no prazo indicado nas devanditas oficinas ou na Sede Electrónica do Concello.

As solicitudes tanto de particulares coma das entidades xurídicas (asociacións, clubs, etc) achegarán xunto coa solicitude copia do seu NIF ou CIF.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: TLAUUOLR36YL05LT



Martes, 20 de xaneiro de 2026

Núm. 12

As asociacións, clubs e centros educativos do Concello de Pontecesures que participen neste certame como comparsa (máis de 10 persoas) percibirán unha gratificación de 100€. Dita gratificación será acumulable con calquera dos premios aos que ditas comparsas poden optar.

No caso dos menores de idade, a solicitude virá asinada polo pai/nai, ou titor/titora. De xeito excepcional, as categorías Infantil e Adulto, tanto parellas como individual, poderán formalizar a súa inscrición o mesmo día do certame dende as 16.00 horas ata as 17.15 h.

O punto de inscrición estará habilitado na rúa Portarrazoi intersección con rúa Ullán, á altura de Mercería Rous.

As parellas formadas por unha ou un menor de 15 anos (Infantil), e unha ou un de 15 ou mais anos (Adulto), inscribiranse e participarán na categoría “Adultos”.

3.—PARTICIPANTES

Establécense catro categorías principais:

- Infantil: Parellas e individuais de 0 a 14 anos.
- Adulto: Parellas e individuais de 15 anos en diante.
- Grupos: De tres a nove persoas integrantes de calquera idade.
- Comparsas: 10 ou mais integrantes de calquera idade.

Como condición indispensable, todas as persoas participantes no concurso deberán participar no desfile.

As persoas inscritas só poderán participar nunha categoría e só terán opción a un premio. Os disfraces que resultaran gañadores de premios en convocatorias anteriores non poderán volver a competir.

Todas as persoas inscritas aceptan as condicións establecidas nas presentes bases.

4.—PREMIOS

O importe total dos premios destinados aos/ás participantes nos actos programados con motivo do Entroido serán aplicables á partida orzamentaria 334-48, e distribuiranse segundo os seguintes criterios:

PREMIOS	INDIVIDUAL		PARELLA		GRUPO		COMPARSA	
INFANTIL DE 0 A 14 ANOS	1º	70 €	1º	90 €	1º	250 €	1º	350 €
	2º	40 €	2º	60 €				
	3º	30 €	3º	40 €	2º	150 €	2º	250 €
ADULTO + DE 14 ANOS	1º	70 €	1º	90 €				
	2º	40 €	2º	60 €	3º	100 €	3º	150 €
	3º	30 €	3º	40 €				



Martes, 20 de xaneiro de 2026

Núm. 12

5.—DESENVOLVEMENTO DA ACTUACIÓN

Todos os disfraces participantes (individuais, parellas, grupos e comparsas) concentraranse o domingo 15 de febreiro a partir das 17 h na Rúa Portarraxoi (esquina Rúa Ullán), dende onde sairá o desfile ás 17.30 horas.

O Desfile de Entroido, pasará pola rúa San Lois, Travesía da Estación, rúa Rosalía de Castro, rúa Sagasta e rematará na Prazuela.

O Xurado acompañará o desfile para ter tempo de valorar ás persoas participantes.

A entrega de premios farase na Prazuela ao remate do desfile.

As persoas que resulten gañadoras deberán recoller eles mesmos o premio ataviados cos traxes que lles valeu o devandito premio.

No caso das modalidades infantís, no momento da entrega do premio, un adulto, que se identificará cun DNI orixinal, acompañaraos para asinar o recibo correspondente.

Os/As gañadores/as dos distintos premios achegarán nos 5 días hábiles seguintes un certificado de numero de conta onde se lle ingresará posteriormente o importe do premio acadado.

O fallo do xurado será inapelable e poderá declarar premios desertos, se o considera oportuno.

Os horarios e percorridos poderán sufrir modificacións por condicións meteorolóxicas adversas ou calquera outra circunstancia debidamente motivada e sempre e cando ditas modificacións poidan ser notificadas coa debida antelación a todas as persoas participantes.

En caso de choiva, o concurso aprazarase a unha nova data que se comunicará oportunamente, ou suspenderase definitivamente.

6.—XURADO

O xurado estará integrado por persoas alleas ao Concello de Pontecesures, excepto a figura do secretario/a, quen terá voz, pero non voto á hora de dar puntuacións e levantará acta das puntuacións emitidas polo xurado.

O xurado terá liberdade absoluta para xulgar aos participantes nas diferentes categorías e modalidades e, en consecuencia, emitir o seu fallo, o cal será inapelable.

O xurado poderá declarar deserto un ou varios premios, no caso de falta de méritos de valoración claros e específicos, como son a dificultade na elaboración dos disfraces e/ou carrozas, orixinalidade, calidade ou posta en escena así como pola escasa participación nalgunha das categorías ou calquera circunstancia que poida redundar en penalización.

Pontecesures,

A Alcaldesa-Presidenta,

D^a. M^a Teresa Tocino Barreiro.

(Documento datado e asinado dixitalmente ao marxe)

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: TLAUUOLR36YL05LT



Martes, 20 de xaneiro de 2026

Núm. 12

**ANEXO I - SOLICITUDE DE INSCRICIÓN
CONCELLO DE PONTECESURES
CONCURSOS E CERTAMES. CERTAME DE ENTROIDO 2026**

D./Dña.....
..., con NIF e enderezo en.....
nº piso letra código postal localidade
tlf. móbil tlf. e
enderezo electrónico.....

En representación de *(no caso de menores , parellas, grupos ou comparsas)*

- Si mesmo/a
- da entidade con CIF e
enderezo nº piso
letra código postal localidade
- tlf. móbil tlf.

SOLICITA a INSCRICIÓN no CERTAME DE ENTROIDO 2025, que se celebrará o 15 de febreiro de 2026 en Pontecesures na categoría.....

co nome (escribir o nome do disfraz, comparsa ou carroza)

.....
Indicar calquera particularidade que considere importante

O xurado poderá excluír ou penalizar ás/aos concursantes que incumpran algunha das condicións das bases que rexen este certame.

O abaixo asinante declara que coñece e acepta as bases do presente concurso / certame e que cumpre todas as condicións que se especifican nas bases.

En, a de 2026

Asdo.:



Martes, 20 de xaneiro de 2026

Núm. 12

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE SON CERTOS TODOS OS DATOS EXPESADOS NESTA SOLICITUDE E AUTORIZO AO CONCELLO DE PONTECESURES AO TRATAMENTO DOS MESMOS PARA A TRAMITACIÓN DESTE PROCEDIMENTO.

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: Bases reguladoras dos premios de participación no Entroido 2023 do Concello de Pontecesures.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámoslle de que este Concello é o responsable do tratamento e custodia dos datos presentados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigaón legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento, no caso de que o outorgase, en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación á dirección electrónica: concello@pontecesures.org.

Infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es).

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda da honra e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e está previsto na súa normativa reguladora.

